

NICOLÁS MAQUIAVELO

Maquiavelo (1469-1527) está considerado o fundador das concepcións políticas modernas. Mentres que na Antigüidade —en especial en Platón e Aristóteles— a ética e a política estaban entrelazadas, a modernidade inaugúrase coa separación da política da esfera ética, tal como se establece en *O Príncipe*, a súa obra máis influente e destacada, onde Maquiavelo reflexiona sobre as características que debe ter o gobernante para acadar o poder e mantelo. Non pretende escribir un tratado sobre teoría política no que aparezan definidos os conceptos de poder e se clasifiquen as diferentes formas de goberno. Pola contra, a súa finalidade é práctica e pretende dar consellos útiles aos gobernantes para conseguir e manter o poder.

Descrición fronte á norma

Maquiavelo tomou como punto de partida e referencia a propia realidade, en lugar de teorizar ou basearse en concepcións abstractas. Tradicionalmente, o teórico político era normativo: disertaba sobre como debía ser o gobernante e establecía, polo tanto, a norma, o «deber ser». Maquiavelo, pola contra, interesábase polo que realmente acontecía, é dicir, por determinar a propia realidade e así poder actuar e tomar decisións en función dunha situación concreta e non dunha abstracción normativa. O seu punto de vista pódese considerar máis descritivo que teórico.

Maquiavelo, que en realidade era un defensor da forma de goberno republicana, é consciente de que en situacións extremas —como a formación dun Estado— **son necesarios os monarcas fortes que impoñan a orde. Para manterse no poder, un líder político non pode ignorar a maldade intrínseca humana, pois do contrario estará condenado inexorablemente ao fracaso.**

TEXTO 1

O estudo da política

«Sendo o meu fin escribir unha cousa útil para quen a comprende, tiven por máis acertado seguir a verdade real da materia que os desvaríos da imaxinación no relativo a ela; porque moitos imaxinaron repúblicas e principados que non viron nin existiron nunca. Hai tanta distancia entre saber como viven os homes e saber como deberían vivir eles, que o que, para gobernalos, abandona o estudo do que se fai, para estudar o que sería máis conveniente facer apréndese máis ben o que debe obrar a súa ruína que o que debe preservalo dela; suposto que un príncipe que en todo quere facer profesión de ser bo, cando no feito está rodeado de xentes que non o son, non pode menos que camiñar cara á súa ruína».

NICOLÁS MAQUIAVELO: *O Príncipe*. Espasa Calpe

a) Por que Maquiavelo se centra no que se fai en vez do que debería facerse?

Fins e medios

Maquiavelo era partidario dun Estado ordenado e unido:

- A orde —a ausencia de violencia, o cumprimento das leis— é esencial para que o conxunto da cidadanía poida desenvolver as súas obrigas e quefaceres. Non obstante, **o ser humano tende cara á maldade e a infrinxir as leis, polo que a función do gobernante consiste en evitar que os cidadáns cometan estes excesos.**
- A unión do Estado é prioritaria para evitar que sexa invadido e espoliado por forzas estranxeiras. A desunión en feudos —que era a situación de Italia no momento en que Maquiavelo elaboraba as súas reflexións— xera debilidade. Maquiavelo era partidario do establecemento dun exército profesional formado polos propios cidadáns (ata esa época estaban integrados por mercenarios estranxeiros).

Para Maquiavelo, a única maneira de lograr un Estado ordenado e unido era contar cun gobernante forte —ao que denomina «príncipe»— **capaz de impoñer a súa vontade entre a poboación. O gobernante pode empregar calquera medio ao seu alcance para lograr este fin: os medios están xustificados se serven para conseguir o obxectivo.** Tal como asegura Maquiavelo, «nas accións de todos os homes e especialmente dos príncipes, onde non hai tribunal ao que recorrer, aténdese ao fin. Trate, pois, un príncipe de vencer e conservar o seu Estado, e os medios sempre serán xulgados honrosos e ensalzados por todos, pois o vulgo se deixa seducir polas apariencias e polo resultado final das cousas, e no mundo non hai máis que vulgo». Maquiavelo tomou como exemplos de Estados fortes e unidos, España e Francia, que lograron ser nacións prósperas ao unificarse baixo o liderado dun monarca.

Esfera política fronte a esfera moral

No que se refire á moral e á bondade, a norma establece que aquel que goberna debe caracterizarse pola bondade. Maquiavelo, Non obstante, observou —e constatou historicamente— que o poderoso está rodeado de persoas malvadas e que se pretende obrar virtuosamente estará condenado á ruína. **Para garantir o fin buscado, que é un Estado onde reine a orde, o gobernante ás veces ten que mostrarse cruel para que a maldade dos demais non termine por arrebatarlle o poder.**

Maquiavelo non pretende exaltar o mal polo mal, senón que afirma que é partidario do mal menor. Naqueles Estados con gobernantes bos e virtuosos, con frecuencia ten acabado imperando a lei do máis forte, o crime e o terror. Pola contra, se o príncipe emprega a forza nalgúns casos, poderá impoñer orde e prosperidade. Aínda que o príncipe cometa accións moralmente reprobables, se aspiran a conseguir a unión e a prosperidade do país entón teñen un sentido político. **Con Maquiavelo prodúcese o divorcio entre a esfera moral (a ética e a súa procura da felicidade individual) e a política, que versa sobre o poder.**

Texto 2

O mal menor

«Debe polo tanto un príncipe non preocuparse da fama de cruel se a cambio mantén aos seus súbditos unidos e leais. Porque con pouquísimos castigos exemplares será máis clemente ca aqueles outros que, por excesiva clemencia, permiten que as desordes continúen, do cal xorden sempre asasinatos e rapiñas, pois ben, estas últimas adoitan prexudicar a toda a comunidade, mentres as execucións ordenadas polo príncipe prexudican só a un particular».

MAQUIAVELO: *Discursos sobre a primeira década de Tito Livio*. Alianza

d) A quen benefician e prexudican as accións —que se poderían cualificar como inmorais— do príncipe?

b) Por que se consideran males menores?

A lei e a relixión

Durante a Idade Media, tanto os señores feudais como os campesiños admitían a existencia dunha lei natural e divina compartida por todos, á que todos obedecían e mostraban submisión. Maquiavelo, pola contra, non aceptaba que o gobernante debese someterse a ningunha lei. O príncipe é a máxima instancia e non hai ningún tribunal por riba del, o que significa que ten liberdade para obrar como queira. Esta liberdade non se aplica, Non obstante, a todos os cidadáns.

Maquiavelo tamén sinala que a relixión é un instrumento que o príncipe debe empregar para impoñer orde e someter á poboación a unhas leis estritas. As institucións relixiosas exercen unha gran influencia sobre as masas. Por esta razón, avogará por que o príncipe proporcione crenzas aos seus súbditos, pero sen que el mesmo se sinta concernido pola moral que emane de elas.

Características dos gobernantes

Para Maquiavelo, se o Príncipe desexa preservar o seu poder, necesita dominar dúas artes: por un lado, debe converterse nun virtuoso na arte do finximento, da simulación e da mentira, e que en ocasións os demais pensen que ten unhas intencións en vez doutras. Esta forma de actuar con sixilo e astucia asóciase a miúdo ao raposo. Pola contra, outras veces verase obrigado a actuar con toda a ira e arriscando se é necesario, tal como o faría un león. Debe saber alternar ambas calidades con prudencia:

- A **astucia** significa o cálculo dos mellores medios para lograr manterse no poder e saír fortalecido despois de cada acción. O príncipe empregará esta calidade tanto na súa relación coa poboación á que goberna como na relación con outros Estados. O príncipe ten que ser astuto, gañarse a adhesión do seu pobo e evitar rebelións. O seu principal recurso é a hipocrisía, pois opina que o pobo é fácil de enganar. Na

relación cos outros Estados, a astucia supón que un tratado con outro país debe respectarse só mentres resulte beneficioso.

- A **forza e a violencia** son os medios a través dos cales se logrará manter a orde no interior dun Estado e protexelo dos ataques do exterior. Maquiavelo afirmou, Non obstante, que era necesario ser prudente ao facer uso da violencia: tanto por exceso como por defecto, existe o perigo de que se produza unha rebelión. O seu uso, Non obstante, está plenamente xustificado se se consegue o fin de manter o poder e asegurar a orde.

A política segundo Aristóteles

- A unidade política superior é a polis.
- A polis é o ámbito onde o ser humano pode desenvolver todas as súas virtudes.
- O diálogo é o principal instrumento para facer política e tomar decisións.
- O ser humano defínese como un animal social e político.
- A función da política consiste en posibilitar a felicidade dos individuos.
- A política é a prolongación da ética.

A política segundo Maquiavelo

- A unidade política superior é o Estado.
- O Estado é o ámbito onde se pode instaurar unha orde e xerar prosperidade.
- A astucia e a forza son as principais características do gobernante.
- O ser humano defínese como un animal violento ao que se pode enganar con facilidade.
- A función da política non é a felicidade, senón o poder, como acadalo e como manterse nel.
- A política é independente da ética.